

MODELO BURELA

FICHA TÉCNICA

TÍTULO DA INICIATIVA: MODELO BURELA

COORDINACIÓN: Karina Parga - Bernardo Penabade

DATA DE INICIO: curso académico 2003-2004

ÁMBITO INICIAL: IES Perdouro

PRINCIPAIS ENTIDADES COLABORADORAS: Concello de Burela (2008-2011);
Radio Burela (2012-2019)

CONTEXTO

Burela é unha localidade mariñeira cos típicos hábitos lingüísticos tradicionais: a comunicación espontánea en galego e a formal en castelán (a convivencia desequilibrada entre unha "fala" e unha "lingua"). A partir de 1978, o crecemento urbanístico foi enorme e a poboación chegou a multiplicarse por dez. En poucos anos recibiu un auténtico aluvión de persoas das parroquias da Mariña e das cidades galegas, da comarca eo-naviega, de Castela, de África e América e incluso da Indonesia. A xente vinculada co mar integrouse tan espontaneamente que pasou a usar as mesmas interferencias e alternancias de código que os orixinarios do lugar; e outro tanto pasou coas fillas e fillos do persoal que chegou para traballar na fábrica do aluminio. Mais a dinámica mudou no momento en que Burela se converteu na capital dos servizos sanitarios comarcais e o Hospital da Costa pasou a ser un importante foco de transculturación.

DESCRIPCIÓN DA INTERVENCIÓN EDUCATIVA

O Modelo Burela naceu en 2004 como unha intervención educativa destinada á transformación dos usos lingüísticos habituais tanto na comunidade escolar como no seu ambiente social máis inmediato. Durante catro anos fixemos un intenso traballo de campo e en 2008 asumimos a responsabilidade de coordinar a redacción do Modelo Burela de Planificación Lingüística, que foi aprobado por unanimidade polo pleno municipal. Dese xeito, durante tres anos (2008-2011), a nosa intervención educativa asumiu a responsabilidade de orientar as actuacións do concello en materia lingüística. Esta situación modificouse co cambio de goberno local, que non anulou o acordo plenario, mais tampouco continuou coa súa implementación.

Entre as múltiples áreas de traballo do Modelo Burela (educación, cultura, sanidade, deporte, relixión, comercio, xustiza e notariado...) están as seguintes:

1) Intervencións educativas destinadas ao conxunto da cidadanía.

No noso proxecto educativo, as actividades realizadas fóra do recinto escolar —por exemplo os traballos de campo— son tanto ou máis importantes que as realizadas dentro. As nosas liñas de traballo continuado desde 2004 fomentan o uso da lingua galega nos escritos:

1.1.- do ámbito familiar (convites, recordatorios, lápidas...).

1.2.- das comunicacións comerciais e empresariais.

1.3.- das comunidades de edificios de vivendas (liña de traballo cada vez menos interesante, porque nesta altura o sector profesionalizouse e a emisión) recae nun reducido conxunto de empresas.

1.4.- das actuacións xurídicas e notariais.

2) Intercambios educativos.

Mantemos colaboracións estabéis con outros institutos da nosa terra, de lugares que teñen circunstancias parecidas (como Cataluña ou Euskadi) e do Estado Español. Todos os anos promovemos as aprendizaxes lingüísticas en

viaxes aos países anglófonos e francófonos e, obviamente, a Portugal.

3) **Xornadas de animación á lectura.**

Sexa presencial nos centros educativos, a través da radio ou sexa a través de colaboracións con outras entidades públicas ou privadas, propiciamos o encontro de escritores e escritoras co público escolar e adulto. Ademais das numerosas actividades dirixidas a grupos específicos, realizamos xornadas máis completas dedicadas a Xosé Neira Vilas, Carlos Reigosa, Séchu Sende e Antía Yáñez.

4) **Programas de radio:**

4.1) **Proxecto Neo**, a intervención destinada á incorporación á cultura galega de persoas que non tiveron a nosa como a súa primeira lingua (neofalantes). Desde o mes de xaneiro de 2012 mantemos unha emisión radiofónica de **1 hora semanal** (durante o curso académico) na que damos a coñecer experiencias de neofalantes que poden servir de modelo para outras persoas que necesitan estímulo para iniciar ese proceso.

4.2) **Grandes Vozes do Nosso Mundo**, unha ponte musical bidireccional entre as dúas beiras do Atlántico, unindo Europa con África e América. É un **diálogo** musical feito partindo da música galega e fortalecendo os vínculos co noso mundo lingüístico. Emitimos unha hora semanal durante todo o ano.

5) **Programa educativo de atención á diversidade.**

Desde setembro de 2014, traballamos con alumnado en situación de fracaso escolar extremo e impulsamos unha intervención educativa estable coa que levamos cinco cursos, ao longo dos cales elaboramos e avaliamos un protocolo de actuación que atende prioritariamente:

1º.- á interlocución coas familias, para facelas partícipes da educación e tamén para ter nelas unha fonte de información sobre os alumnos e alumnas.

2º.- á mediación cos servizos sociais e asociacións culturais, deportivas e recreativas, como axentes de inclusión social, complementares da educación escolar.

3º.- á adecuación dos obxectivos curriculares e a metodoloxía didáctica ao nivel real do alumnado, moi distanciados dos marcados oficialmente para o ensino secundario.

METODOLOXÍA

A metodoloxía e as principais áreas de traballo están recollidas nunha ferramenta de traballo editada en 2008, a longametraxe audiovisual *Modelo Burela* (dirixida por Matías Nicieza):

<https://www.youtube.com/watch?v=FFlkcdH609w>

O modelo de planificación lingüística para o ámbito municipal, nunha liña diferente á aprobadas polos concellos de Santiago de Compostela e Ferrol, concretizouse no documento elaborado para o Concello de Burela: http://consellodacultura.gal/arquivos/cdsg/docs/Planificacionlinguistica_Burela_sintese.pdf

Sobre a base destes dous documentos principais desenvólvense as diferentes liñas de traballos específicos:

*neofalantes: <https://www.youtube.com/watch?v=N4uC30uTD44&t=10s>

*sanidade: <https://www.youtube.com/watch?v=ZdlWDrvuU08>

*comercio: <https://www.youtube.com/watch?v=9eybv36wDDI>

*cerimonias: https://www.youtube.com/watch?v=_5LjB-vFIPs&t=5s

*inmigración: <https://www.youtube.com/watch?v=R208HLK57JM>

DIVULGACIÓN DO MODELO BURELA A TRAVÉS DA COMUNICACIÓN RADIOFÓNICA

1.- PROXECTO NEO. A radio ao servizo da inclusión social

FICHA TÉCNICA

TÍTULO DO PROGRAMA: Proxecto Neo

COORDINACIÓN: Karina Parga (IES Perdouro) - Matías Nicieza (Radio Burela)

LOCUCIÓN: Alumnado de entre 10 e 18 anos (de 5º de ensino primario a ESO e Bacharelato)

PRODUCCIÓN: Equipa Neo + Equipas de Normalización Lingüística dos IES Monte Castelo e Perdouro (ambos de Burela)

GRAFISMO: Lucía Rivas Ramos

DURACIÓN do PROGRAMA: 60 minutos

FRECUENCIA DE EMISIÓN: Semanal (todas as Quartas-feiras, entre as 17:00 e as 18:00 horas)

EMISIÓN ORIXINAL: Radio Burela (ámbito de cobertura o termo municipal de Burela)

REEMISIÓN: CUAC FM (ámbito xeográfico da Coruña); e Rádio Filispim (Ferrol)

SISTEMAS DE EMISIÓN: Sistema analóxico + Sistema dixital + Radio á carta

CONTIDOS: Entrevistas a persoas neofalantes + Animación á lectura + Selección musical de contextualización temática + Información da actualidade cultural

TRAXECTORIA: 262 programas (desde 2012)

DESCRIPCIÓN

Entre as múltiples áreas de traballo do Modelo Burela (educación, cultura, sanidade, deporte, relixión, comercio, xustiza e notariado...) está o Proxecto Neo, a intervención destinada á incorporación á cultura galega de persoas que non tiveron a nosa como a súa primeira lingua (neofalantes). Desde o mes de xaneiro de 2012 mantemos unha emisión radiofónica semanal na que damos a coñecer experiencias de neofalantes que poden servir de modelo para outras persoas que necesitan estímulo para iniciar ese proceso.

ENSINO SIGNIFICATIVO

O primeiro dos obxectivos de Proxecto Neo é puramente didáctico. Antes de nada, é unha actividade práctica de aprendizaxe significativa, de práctica lingüística oral e escrita, de fomento da responsabilidade individual nos traballos colaborativos. Alén diso, Proxecto Neo é tamén un medio de divulgación dun modelo de educación inclusivo e un referente da interculturalidade. Noutras palabras: con Proxecto Neo ensinamos Lingua, Literatura e Cultura dun xeito moi práctico; coñecemos experiencias de aprendizaxes de segundas e terceiras linguas; ofrecemos modelos de incorporación de neofalantes; e facilitamos a participación de mozos e mozas en risco de exclusión social.

ESCOLA DE COMUNICACIÓN

Con esta iniciativa pretendemos continuar realizando un traballo en dobre dirección: a da escola de comunicación, entendida como un mecanismo de reforzo da didáctica das linguas que se realiza dentro do currículo; e a da inclusión social de persoas excluídas ou en risco de exclusión.

Dada a incorporación de alumnado adolescente de diversas razas e nacionalidades —con escasa o nula escolarización—, mantemos o noso plan de atención específica a estas persoas con necesidades educativas básicas para: a) reforzar a súa socialización; e b) fomentar entre a audiencia os valores positivos da interculturalidade.

IMPLICACIÓN DO PROFESORADO

O profesorado directamente implicado participa en tarefas de coordinación

da programación e organización de actividades; na produción, guionización e realización dos programas de periodicidade semanal; e na supervisión do traballo de comunicación feito a través das redes sociais.

O resto do profesorado implícase ocasionalmente en tarefas de comunicación escrita e audiovisual. Colabora no proceso de produción e de realización do programa radiofónico (nalgúns dos programas participando como entrevistados/-as).

IMPLICACIÓN DO ALUMNADO

Tal e como vimos para o profesorado, un grupo de doce alumnos e alumnas participan constantemente en tarefas de comunicación corporativa nas plataformas de redes sociais e cada semana en produción e locución do programa de radio.

Por norma xeral, en todos os programas participan como invitados alumnos e alumnas de calquera grupo do IES Perdouro ou doutros centros educativos de nivel semellante ou superior.

Para efectuar os convites, ademais dos méritos da persoa convidada, téñense en conta os criterios de xénero e interculturalidade.

COMUNIDADE BENEFICIARIA

Esta intervención didáctica está dirixida ao conxunto da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias e persoal de administración e servizos) e incluso ao conxunto da cidadanía do ámbito de influencia do centro escolar.

OBXECTIVOS XERAIS

- 1.- Práctica do uso oral e escrito das linguas como instrumentos para a comunicación interpersonal e para a comprensión, análise e organización de feitos e saberes.
- 2.- Utilización das linguas para a comprensión e elaboración de informacións orais e escritas, atendendo as características formais de cada unha delas.
- 3.- Realización de programas radiofónicos, como modelo de escola de

comunicación e escola de medios técnicos.

4.- Difusión social do proxecto de integración, co fin de que sexa aproveitado por outros membros da comunidade escolar e incluso por persoas alleas a esta.

5.- Práctica da aprendizaxe significativa que evite a dinámica aprendizaxe-olvido e que estimule a motivación polo coñecemento.

6.- Fomento do sentido da responsabilidade individual no proceso de realización de actividades colectivas.

7.- Fomento da convivencia intercultural e interracial no desenvolvemento de actividades extraescolares.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1.- Favorecer a integración socioeducativa de adolescentes excluídos socialmente e con fracaso escolar continuado.

2.- Dotar de competencias básicas en lecto-escritura alumnos e alumnas en situación de semianalfabetismo.

3.- Incentivar a participación dos adolescentes excluídos nas actividades organizadas polos colectivos culturais, recreativos e deportivos da localidade.

METODOLOXÍA

Dada a ausencia dunha materia específica de comunicación xornalística no centro, non poderemos realizar unha formación teórica previa. Temos, pois, que atender a estes principios:

1.- Aprendizaxe significativa, mais non vinculada a coñecementos previos.

2.- O alumnado é protagonista da súa propia aprendizaxe, debendo solventar os problemas en función dos coñecementos adquiridos a través da práctica.

3.- A combinación do traballo individual coa realización de actividades feitas en grupo.

OUTRAS ACTIVIDADES

Sempre que exista unha demanda, a Escola de Comunicación facilita á comunidade educativa a oportunidade dun aproveitamento directo por parte do conxunto de alumnado e profesorado do centro. En calquera caso, estas actividades extraordinarias só se realizarán nos casos en que o profesorado o demande.

2.- GRANDES VOZES DO NOSSO MUNDO. Ponte Musical entre os países de raíz galega

FICHA TÉCNICA

TÍTULO DO PROGRAMA: Grandes Vozes do Nosso Mundo

DIRECTOR: Marco Pereira Oliveira

LOCUCIÓN: Edilson Sanches Tavares; Isaura Varela Fidalgo; Bruna da Costa

PRODUCCIÓN: Equipa Vozes (Galiza); Gabriel André (Lisboa); Christian Salles (Rio de Janeiro)

GRAFISMO: Lucía Rivas Ramos

COORDINACIÓN XERAL: Matías Nicieza García

DURACIÓN do PROGRAMA: 60 minutos

FRECUENCIA DE EMISIÓN: Semanal (todas as Sextas-feiras, entre as 19:00 e as 20:00 horas)

EMISIÓN ORIXINAL: Radio Burela (ámbito de cobertura o termo municipal de Burela)

REEMISIÓN: CUAC FM (ámbito xeográfico da Coruña); Rádio Filispim (Ferrol); Radio Fusión (emisoras municipais galegas); Rádio Internacional Lusófona (São Paulo)

SISTEMAS DE EMISIÓN: Sistema analógico + Sistema dixital + Radio á carta

CONTIDOS: Música comentada + Entrevistas temáticas

TRAXECTORIA: 129 programas (desde 2016)

DESCRICIÓN

Grandes Voces do Noso Mundo é un **programa radiofónico** de contido musical. Unha hora semanal feita con idéntico criterio que o **Cantos na Maré**, o festival que se celebra anualmente en Pontevedra —dirixido por Uxía Senlle— e que reúne na nosa terra os e as artistas máis representativos do mundo de raíz galega.

Precisamente coa sintonía dos Cantos na Maré na cabeceira, todas as semanas propiciamos **unha ponte musical bidireccional** entre as dúas beiras do Atlántico, unindo Europa con África e América. É un **diálogo** musical feito cos pés na terra, partindo da música galega e fortalecendo os vínculos co noso mundo lingüístico.

Isto concretízase en que emitimos música comentada —con criterio divulgativo— tendo en conta que: 1) debe ser música cantada —non só instrumental—; e 2) debe ser cantada nunha das variantes do noso idioma.

Como o programa está feito na nosa terra, as nosas músicas son o elemento nuclear; e as outras son diferentes "complementos". Todas as semanas están Sés, Guadi, Xavier Díaz, Pucho Boedo, Uxía Senlle ou Miro Casabella... e con eles o Zeca Afonso, Mafalda Veiga, Dulce Pontes ou Capicua... Roberto Carlos ou Gilberto Gil ou Adriana Calcanhoto... e Cesária Évora e Karina Gomes e Maira de Andrade... e Aline Frazão e Yara da Silva.

Nesta altura, levamos emitidos cento e vinte e nove programas, todos eles feitos "ao vivo" e lanzados no sistema analógico para unha parte dos cascos urbanos de Burela, Ferrol, Coruña, Vigo e São Paulo (Brasil) e en dixital para todo o mundo, tanto ao vivo como a través da radio á carta. Iso implica que pode ser sintonizado no momento de ser emitido ou a posteriori, tanto desde a rede informática como desde o sistema de telefonía.

En consonancia coa pedagogía Modelo Burela, con este programa

pretendemos:

- 1.- ofrecer unha visión universalista da nosa cultura.
- 2) dar a coñecer a nosa música na nosa terra e proxectala para o exterior; e recoller o eco doutras músicas mundiais que teñen a raíz na nosa.
- 3) establecer diálogo coas persoas que as compoñen, producen ou interpretan.
- 4) ofrecer un modelo alternativo de estabilidade lingüística;
- 5) mellorar a formación e a integración da poboación invidente;
- 6) sensibilizar a comunidade no referente ao relacionamento coas persoas con necesidades educativas especiais.

HISTORIA DESTA INTERVENCIÓN EDUCATIVA (A Mariña, 2015-2019)

A xénese do programa está nunha intervención educativa iniciada nos últimos días do curso 2014-2015 cando recibimos no IES Perdouro a noticia da chegada dun novo alumno para cursar o ciclo superior de Administración e Finanzas. A novidade non pasou desapercibida para a área de innovación educativa, que xa tiña diversas referencias de Marco Pereira Oliveira, tanto pola súa condición de invidente como pola súa especial sensibilidade para a creación artística, que o levara a aparecer mencionado e entrevistado en diversas ocasións nos medios de información comarcais.

Conscientes de que o novo alumno reproducía de xeito arquetípico o modelo escolar que xa tiñan recibido outras persoas minusválidas que pasaron anteriormente polo instituto, desde o primeiro día traballamos na súa integración na comunidade educativa, sempre en coordinación e baixo a supervisión da súa profesora Cristina Ramudo, da área de Pedagogía Terapéutica.

OBXECTIVOS XERAIS

- 1.- Producir, realizar e emitir un programa radiofónico semanal, dunha hora de duración, con contidos centrados na música galega interpretada no noso idioma, mais con referencias ás músicas doutros países con raíz galega.

2.- Disponibilizar textos galegos en braille, tanto os correspondentes aos guiños radiofónicos como ás sinopses dos programas e ás colaboracións de opinión xeradas nos blogues.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA COMUNIDADES EDUCATIVAS

Dado que o programa se orixinou nunha comunidade educativa, tivemos en conta o decreto 86/2015 da LOMCE, no que aparecen estes **obxectivos xerais do currículo da educación secundaria obrigatoria**:

-Practicar o respecto, a tolerancia e cooperación entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade.

-Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e historia propias e doutras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

-Apreciar a creación artística utilizando diversos medios de expresión e representación.

-Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural e artístico de Galicia e participar na súa conservación e mellora.

Nun nivel máis concreto sitúanse os **obxectivos da área de música**. De entre eles, tivemos en conta os seguintes como os máis directamente relacionados coa nosa intervención:

-Dotar o alumnado dun vocabulario que permita a descrición do feito musical.

-Comprensión da linguaxe musical como medio de expresión artística.

-Desenvolver sensibilidade cara á música como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade.

-Profundización na escoita e análise de obras musicais de diferentes épocas e contextos.

-Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega para o mantemento da identidade e como medio de relación interpersoal e expresión da riqueza cultural que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas da

comunidade lusófona.

OUTRAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN SOCIAL FEITAS A TRAVÉS DESTE PROGRAMA DE RADIO

Alén da realización e emisión do programa semanal, a equipa do Grandes Vozes realiza diversas actividades de dinamización social tanto entre as comunidades escolares como entre o público adulto.

- 1.- Obradoiros de guión, locución e gravación de cuñas radiofónicas.
- 2.- Gravación de cuñas con mensaxes de saúdo e apoio ao programa.
- 3.- Gravación de mensaxes con propostas de contidos musicais.
- 4.- Obradoiros de aproximación ao braille: coñecemento do alfabeto e prácticas co seu uso.

AVALIACIÓN

Deseñamos un programa de avaliación específico para realizar desde o Concello durante o período de aplicación do Modelo Burela de Planificación Lingüística. Unha vez que este programa se deixou de aplicar desde o ámbito municipal (2011), realizamos unha avaliación de usos con periodicidade anual no final do mes de maio (percentaxes de uso do idioma galego nas cerimonia nupciais, nos recordatorios de comuñón, nos ámbitos litúrxico e funerario, no comercio, etc.).

No programa radiofónico Proxecto Neo facemos un dobre sistema de avaliación: o ámbito interno escolar e o da audiencia xeral.

No ámbito interno escolar avaliamos a validez pedagóxica dos recursos xerados, a implicación e a aprendizaxe de cada integrante da equipa de radio; e a participación xeral do alumnado e do profesorado.

Polo que respecta aos niveis de audiencia, para as emisións en directo carecemos de información. Si avaliamos as lecturas de sinopses, a participación nas redes sociais e —sobre todo— as audicións dos programas.

No momento presente temos 869 visualizacións mensais das sinopses e alcanzamos un total de 93.816 ao longo os oito anos de emisión. O nivel de audición dos programas é moito máis reducido, cunha media de 300 /mes. A radio á carta facilita que teñamos audicións todos os días do ano.

No caso do Grandes Vozes, avaliamos as lecturas de sinopses, os visionados dos vídeos, a participación nas redes sociais e —sobre todo— as audicións dos programas, xa sexa a través do servidor www.ivoox.com xa sexa a través de <https://podcastaddict.uservoice.com> (para sintonizar nos automóveis).

Até esta altura, o máximo de audiencia dun dos nosos traballos (emitido en novembro de 2018) está nas 24.978 visualizacións da sinopse que se reducen en máis do 50% até as 10.921 consultas activas.

Por área xeográfica, do Estado Español procede o 58,73 % das audicións (o 75'1 % destas faise desde Galiza), do Brasil chega o 11,11 % e de Portugal só o 9,52 %. As cifras dos países africanos e dos enclaves asiáticos Goa e Macau son puramente testemuñais.

AS REDES SOCIAIS IMPULSADAS POLO MODELO BURELA

1) Modelo Burela:

Blogue do programa: www.modeloburela.blogspot.com

Perfil de Facebook: <https://www.facebook.com/modeloburela>

2) Proxecto Neo:

Blogue do programa: www.proxectoneo.blogspot.com

Perfís de Facebook: <https://www.facebook.com/proxecto.neo.3> (perfil);
<https://www.facebook.com/groups/proxectoneo/> (grupo);
<https://www.facebook.com/proxectoneoenfotos/> (crónica fotográfica)

Perfil de Twitter: <https://twitter.com/ProxectoNeo>

Perfil de Instagram: <https://www.instagram.com/proxectoneo/>

Radio á carta:

https://www.ivoox.com/podcast-podcast-proxecto-neo_sq_f1131749_1.html

3) Grandes Vozes:

Blogue do programa: www.grandesvozes.com

Perfil de Facebook: <https://www.facebook.com/vozesmundo/>

Radio á carta:

https://www.ivoox.com/podcast-grandes-vozes-do-noso-mundo_sq_f1139260_1.html

Youtube: <https://www.youtube.com/channel/UCP5LIp3daKVh8Ce1y8NXHcw>

NOTAS A RODAPÉ DAS FOTOGRAFÍAS

FOTO 1. **Cabo Burela.** As equipas radiofónicas do Modelo Burela no cabo.

FOTO 2. **Colaboración con outras entidades.** Momento da recepción da Biblioteca da Cultura Caboverdiana ofrecida pola Presidencia da República de Cabo Verde ao IES Perdouro. María José Pardiñas (xefa de estudos) e Dolores Otero (vicedirectora) acompañan as integrantes do grupo musical As Moreninhas.

FOTO 3. **Intercambios educativos.** Visita ao Porto, unha das viaxes fixas de familiarización cos outros sotaques.

FOTO 4. **Programas de radio.** Edilson Sanches Tavares, Isaura Varela e Bruna da Costa nun momento de realización do Grandes Vozes.

FOTO 5. **Animación á lectura.** Antía Yáñez coas equipas de Proxecto Neo e Grandes Vozes no día da presentación d'*O misterio do torque de Burela* (Ed. Galaxia). Máis alá da animación á lectura a través de Proxecto Neo ou de

programas monográficos, propiciamos o encontro directo emisión-recepción. O programa da cita con Antía Yáñez é un modelo da nosa metodoloxía.

PERFÍS BIOGRÁFICOS DAS PERSOAS IMPLICADAS

Miruca Parga Valiña (Lugo, 1972) é licenciada en Filoloxía galego-portuguesa. Traballou no Arquivo Dialectal do Galego Oral do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela e no Arquivo Sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega. Colaborou coa Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia na elaboración do Nomenclátor da toponimia oficial galega e tamén co Centro Dramático Galego en labores de corrección lingüística.

É profesora de lingua no IES Perdouro de Burela, onde tamén realiza as funcións de coordinadora do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística e da revista Maruxía, publicación que se edita no centro desde hai 25 anos.

María Xosé Andión Fontela (Crecente - Pastoriza; 1978) é licenciada en Humanidades e en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela. Conta con experiencia na edición —ocupouse desta área en Edicións Lea de Santiago de Compostela— e na dinamización, dado que tamén traballou na Oficina de Relacións Exteriores que a Universidade de Santiago ten no Campus de Lugo.

Desde o ano 2006 é profesora de ensino secundario. Tras un breve período de docencia en centros de Ourense e o Carballiño, conseguiu destino definitivo no IES Perdouro, onde dirixe o departamento de Lingua castelá e Literatura.

Bernardo Penabade Rei (As Grañas do Sor, 1964) é licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago.

Desde 1985 mantivo colaboración artística no sector audiovisual coa empresa Imaxe Galega en traballos encargados pola TVG. Ademais da sincronización e dobraxe de filmes e seriais televisivos, ocupouse da tradución de guións (especialmente de programas destinados ao público infantil).

Desde 2003 está destinado no IES Perdouro de Burela e é un dos impulsores

do "Modelo Burela", unha estratexia educativa en aplicación desde 2004.

Karina Parga Chao (Joigny, 1975) é licenciada en Filoloxía Francesa pola Univerdidade de Santiago de Compostela. Dende 2003 é profesora de Francés no IES Perdouro de Burela. Durante 15 anos tivo baixo a súa responsabilidade a vice-dirección de actividades complementarias e extraescolares e, ademais, é dinamizadora da biblioteca escolar do centro.

Matías Nicieza García (Burela, 1978) é director e actor cinematográfico. Baixo a súa dirección realizáronse: a curtametraxe de ficción 33 (2008), a longametraxe documetal Modelo Burela (2009) e os vídeos didácticos A Viaxe de Hércules (2011) e Polos camiños de Leiras (2014). Como actor, ten participado en Mercado medieval de Alfoz: Entorno e lenda (2014), Bispo Fadrique de Guzmán, 33 (2008) e Maldito bastardo! (2008). Tras unha etapa inicial en Radio Valadouro, pasou a Radio Burela, onde realiza tarefas de redacción, de locución e de técnico de son.

Marco Pereira Oliveira (Xove, 1993) está titulado en Bacharelato (IES Marqués de Sargadelos); en Administración e Finanzas (IES Perdouro); e estuda o primeiro curso de Ciencias da Comunicación na USC. Desde que realizou en 2012 un primeiro programa escolar, baixo a orientación da profesora María José Pardiñas, pasou a colaborar primeiro con Radio Valadouro e despois con Radio Burela, da man de Pepe Peinó e Matías Nicieza.

Edilson Sanches Tavares (Ribeira da Barca —Illa de Santiago—, Cabo Verde, 1999) vive en Burela desde 2014. Actualmente compatibiliza os seus estudos de Ensino Secundario no IES Monte Castelo con actividades de voluntariado e servizo á comunidade. Colabora co programa en tarefas de produción e locución desde xaneiro de 2017.

Lucía Rivas (Burela, 1986) realizou formación académica no Colexio Virxe do Carme e nos Institutos Perdouro e Monte Castelo; e comezou a facer fotografía por vocación. En calidade de Fotógrafa Oficial de Proxecto Neo e Grandes Voces recibiu o premio "O Galego na Onda" outorgado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta.

Realiza tarefas de comunicación social do programa, superando os obstáculos que lle presenta unha hipoacusia neurosensorial severa.

Gabriel André (Seixas - Terra Chá, 1987) é licenciado en Filoloxía Galega e Portuguesa polas universidades de Santiago de Compostela e da Coruña. Despois de pasar durante a súa etapa como estudante por cidades como Barcelona, Perpiñán ou São Paulo, actualmente é profesor na Universidade Nova de Lisboa. Tradutor de profesión desde 2012, descubriu posteriormente a súa vocación para a docencia, razón que o levou a coñecer o IES Perdouro durante o seu período de prácticas de mestrado. Colabora co Grandes Voces en tarefas de produción e na administración do sitio web e das redes sociais asociadas a el.

Christian da Silva Salles (Brasília; 1972) formouse em Administração de Empresas e Administración Pública pola Universidade Federal Rural do Rio de Janeiro, a mesma en que complementou formación en História. Traballa no Departamento de Tránsito do Rio de Janeiro. Colabora co programa de radio en tarefas de produción.